



FLÚIDOS NON NEWTONIANOS

Existe un tipo de fluídos que teñen unhas propiedades estrañas, que non se corresponden ás que normalmente asociamos aos líquidos.

Un exemplo de fluído non newtoniano é a mestura de maicena e auga. En función das proporcións, as súas propiedades varían. Imos estudalo.

A nosa INVESTIGACIÓN

Determinar que propiedades ten un fluído non newtoniano e cal é a mellor fórmula se quixésemos fabricar unha funda para móbiles destes materiais.

MATERIAIS DOS QUE DISPOÑEMOS: Maicena, auga, globos, colorantes alimentarios.

PROCEDEMENTO.

- Mestura en tres vasos de precipitado distintas cantidades de maicena con auga.
- Busca proporcións que sexan significativas.
- Introduce con axuda dun embude as mesturas en tres globos.
- Deseña un experimento para ver cal é mellor para protexer o noso móbil.

CUESTIÓNS

1.- Explica o teu deseño experimental.

2.- Cales foron os resultados da túa investigación?

3.- Explica brevemente que propiedades curiosas teñen este tipo de materiais.